

**PROBA DE LINGUAXE MUSICAL:**

A proba estará composta polos seguintes apartados:

1. Lectura rítmica. Exercicios en clave de sol e fa en 4a, que incluírán as dificultades propias do 1º curso de Grao Elemental.
2. Entoación. Exercicios que incluírá as dificultades propias do 1o curso de Grao Elemental. Ditos exercicios realizaranse con acompañamento pianístico. Ao alumno/a se lle dará o acorde de tónica e a escala antes da súa realización e apoiarse co piano durante a realización.
3. Ditado. En Do M, que incluírá as dificultades rítmico- melódicas propias do 1º curso de Grao Elemental.
4. Teoría. Realización de exercicios de teoría cos contidos propios do curso e 1º G.E.

**Criterios de avaliación**

1. Ler fragmentos rítmicos na clave de sol e fa en 4a, nun tempo establecido, mantendo o pulso, executando as fórmulas rítmicas con corrección, e nomeando correctamente as notas.
2. Entoar afinadamente as melodías propostas, nomeando as notas e mantendo correctamente o pulso.
3. Recoñecer a través da audición dun fragmento rítmico- melódico, os movementos melódicos e as fórmulas rítmicas, e reproducilo graficamente con corrección.
4. Realizar con corrección os exercicios teórico- prácticos sobre os elementos rítmicos, melódicos, expresivos e formais solicitados.

**Criterios de cualificación e promoción**

Cada un dos catro apartados puntuarase de 0 a 10 puntos, debendo o alumno superar, en cada un deles, os coñecementos mínimos requiridos polo tribunal. A nota final obterase mediante a seguinte media ponderada:

1. Lectura rítmica 35%
2. Entoación 20 %
3. Ditado 20%
4. Teoría 25%

Para superar a proba, o alumno/a deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5.

**IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

**PROBA DE PIANO**

O aspirante deberá interpretar dúas obras de diferentes estilos -achegando as partituras orixinais e copia para o tribunal-, escollidas do «Repertorio orientativo de 1º de GE» ou de dificultade similar. Ademais, terá que tocar a primeira vista unha peza ou fragmento proposto polo tribunal.

**LISTADO DE OBRAS ORIENTATIVO**

- BARTÓK: Mikrokosmos I; Para nenos, Sz. 42 (primeiros n.o ).
- BASTIEN: Nivel 1.
- BEYER: Escola preliminar, op. 101.
- BURGMÜLLER: estudos op. 100, n.os 1 e 2.
- CZERNY: Primeiro mestre de Piano, op. 599.
- HEMSY: métodos para Piano.
- KABALEVSKI: pezas infantís op. 39, n.os 1-12.
- LONG: Petite methode de Piano.
- MORHANGE: Le petit clavier.
- NIKOLÁIEV: Escuela rusa.
- TCHOKOV-GEMIU: El piano (Iniciación, Preparatorio e 1.o).
- THOMPSON: Curso moderno.
- VAN DE VELDE: Método rosa.
- WOHLFAHRT: O amigo dos nenos, op. 87.
- RCM Celebration Series Prep. A, Prep. B e Level 1 (2015 Edition)
- ABRSM Grade In e Grade 1

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Interpretar textos musicais empregando a medida, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Demostrar unha correcta posición do corpo, relaxación e solvencia técnica no repertorio traballado durante o curso.
- Demostrar o coñecemento e aplicación das posibilidades sonoras do instrumento na interpretación, atendendo a cuestións coma o rango dinámico, a polifonía ou o emprego dos pedais.

**IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Obras presentadas por o aspirante, 90%			Lectura a primeira vista, 10%
Fidelidade a partitura, fluidez e precisión rítmica	Son e técnica	Estilo, expresión e fraseo	
<input type="checkbox"/> <b>4 puntos</b> Moi ben. Interpreta con fluidez a un tempo estable e adecuado. Non hai apenas notas falsas nin imprecisións rítmicas. Respecta as direccións e as indicacións da partitura. Toca de memoria.	<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> Moi ben. Tendo en conta o nivel, presenta unha moi boa calidade do son. Usa moi ben o peso do brazo e dispón da variedade de ataques necesaria. Resolve moi ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha moi boa posición, natural e relaxada, do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> Moi ben. Adiéptase moi ben ao estilo e carácter da obra con musicalidade. A expresión e a agónica son as axeitadas á obra. O fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están moi ben realizados e son claramente independentes entre as mans, diferenciando planos sonoros. O uso dos pedais é adecuado ao estilo.	<input type="checkbox"/> <b>10 puntos</b> Moi ben. A lectura é fluída e mostra un tempo estable e adecuado, atendendo a todas as indicacións da partitura (notas, fraseo, dinámica, articulación). Adiéptase moi ben ao estilo e carácter da obra, sendo a expresión e a agónica axeitadas a mesma.
<input type="checkbox"/> <b>3,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2,75 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2,75 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>8 puntos</b>
<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> Ben. Mantén, en xeral, unha interpretación fluída e un tempo estable. Toca, en xeral, con corrección nas notas e precisión no ritmo. Respecta, en xeral, as direccións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b> Ben. Presenta, en xeral, unha boa calidade do son. Usa ben o peso do brazo e dispón, en xeral, da variedade de ataques necesaria. En xeral, resolve ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén, en xeral, unha boa posición do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b> Ben. Adiéptase, en xeral, ben ao estilo e carácter da obra. A expresión e a agónica son, en xeral, axeitadas á obra. En xeral, o fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están ben realizados e son independentes entre as mans. O uso dos pedais, en xeral, é adecuado ao estilo.	<input type="checkbox"/> <b>7 puntos</b> Ben. A lectura en xeral é fluída, mostrando un tempo estable. Respecta duriña forma xeral as indicacións da partitura (notas, fraseo, dinámica, articulación). Adiéptase ben ao estilo e carácter da obra.
<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>6 puntos</b>
<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b> Suficiente. A interpretación é suficientemente fluída e o tempo está dentro das marxes aceptables, aínda que algunha pasaxe presente dificultades ou inestabilidades no tempo. As notas falsas e as imprecisións rítmicas están dentro do aceptable. Cumpre suficientemente cos direccións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>1,5 puntos</b> Suficiente. Presenta unha calidade aceptable do son. Usa aceptablemente o peso do brazo. Resolve suficientemente as dificultades técnicas, aínda que algunha pasaxe perda claridade ou haxa desigualdades. Mantén unha posición aceptable do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>1,5 puntos</b> Suficiente. A interpretación está aceptablemente dentro do estilo e o carácter da obra. A expresión e a agónica son aceptables. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia entre as mans son suficientes. O uso dos pedais é aceptable dentro do estilo.	<input type="checkbox"/> <b>5 puntos</b> Suficiente. Lectura suficientemente fluída, aínda que algunha pasaxe presente dificultades ou inestabilidade no tempo. As imprecisións da lectura están dentro do aceptable.
<input type="checkbox"/> <b>1,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b>	<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b>	<input type="checkbox"/> <b>4 puntos</b>
<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b> Insuficiente. Interpretación pouco fluída, tempo inestable ou inadecuado, interrupcións frecuentes. Demasiadas notas falsas ou imprecisións rítmicas. Non respecta suficientemente as direccións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>0,5 puntos</b> Insuficiente. Presenta unha máis calidade do son. Non usa correctamente o peso do brazo. Non resolve suficientemente as dificultades técnicas, perdendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha posición inadecuada do corpo e das mans.	<input type="checkbox"/> <b>0,5 puntos</b> Insuficiente. A interpretación está fóra do estilo e do carácter da obra. A expresión e a agónica son inadecuadas. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia entre as mans son insuficientes. O uso dos pedais é inadecuado ao estilo.	<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> Insuficiente. A lectura é pouco fluída, tempo inestable ou inadecuado, interrupcións frecuentes. Demasiadas imprecisións rítmicas, e falta de atención ás indicacións da partitura.
<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> Moi deficiente É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.	<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> Moi deficiente É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.	<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> Moi deficiente É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.	<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> Moi deficiente É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.

**IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.